

Á ATENCIÓN DAS FAMILIAS DO NOSO ALUMNADO

Castrelo- Cambados, 19 de xuño de 2020

Benqueridas familias,

O curso 2019- 2020 está a piques de rematar e para completar o final do mesmo e o inicio do vindeiro, ofrecémoslles algunhas novas e datas de interese xeral.

O calendario oficial para o vindeiro curso aínda non está publicado no DOG; por este motivo, as datas ofrecidas neste documento, que se basean na información aparecida no portal da Xunta de Galicia, poden sufrir variacións. Deberán permanecer moi pendentes da páxina web do centro e da Plataforma educamos, onde se irán publicando os cambios que se vaian producindo, de ser o caso.

Do mesmo xeito, seguiremos as directrices marcadas polas autoridades en relación á saúde e á seguridade de toda a comunidade educativa.

PUBLICACIÓN NOTAS AVALIACIÓN FINAL- XUÑO 2020.

- O boletín de notas publicárase na Plataforma Educamos o vindeiro **martes, 23 de xuño**.
- **Non** se entregarán boletíns en formato papel nin de xeito presencial.
- O alumnado con tódalas materias superadas recibirá o Consello Orientador a través do correo da Plataforma (se algunha familia non o ten activado, debe facelo o antes posible).

REVISIÓN CUALIFICACIÓNS/ RECLAMACIÓNS

- Período de revisión/ reclamación: **xoves 25 e venres 26 de xuño**, pola mañá.
- Se precisan revisar as cualificacións obtidas polo alumnado, deben poñerse en contacto a través dos correos corporativos do profesorado (@salesianoscambados.es) para establecer unha entrevista.
- Logo da revisión pertinente, se deciden presentar unha reclamación oficial por escrito, deben facelo na Secretaría do centro, sempre solicitando cita previa.

AXUDA FONDO LIBROS CURSO 2020-21

- Data límite para a presentación de solicitudes: 19 de xuño.
- Data límite publicación listaxes provisionais: 10 xullo.
- Data límite publicación listaxes definitivas: 14 setembro.
- Entrega libros fondolibros: entre o 16 e o 25 de setembro de 2020.

DEVOLUCIÓN LIBROS DE TEXTO E DE LECTURA 2019-20

- A devolución dos libros de texto e dos libros de lectura realizarase os días **25 de xuño: das 9:30h ás 13:30h e das 16:00h ás 18:00h** e o **26 de xuño de 9:30h a 13:30h**.
- Devolveranse só os exemplares das materias aprobadas en xuño. A devolución dos libros correspondentes ás materias non superadas realizarase no mes de setembro.
- Deben comprobar previamente que devolven tódolos bloques de cada materia.
- A devolución realizarase na Sala Bosco (Pórtico).

PROBAS CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

- As probas telemáticas ou presenciais da **convocatoria extraordinaria** (dependendo das instrucións recibidas polas autoridades sanitarias) terán lugar os días **1, 2 e 3 de setembro**.
- Os horarios dos mesmos serán comunicados con antelación a través da páxina web do centro e no taboleiro de anuncios.

Reciban un agarimoso saúdo e os meus mellores desexos para este período estival.

Asun

M^a Asunción Rodríguez Tesouro
Directora do Centro